

Ruta das Fachas - San Xusto - Barreiros (Lugo)



Percorrido: 8,18 Km. Aprox.

Dificultade: Media

Edificios de interese: Igrexa, cruceiro, casas con escudo, muiños, capela de S. Antón, As Fachas: zona catalogada e limitada dos xacementos arqueolóxicos. Destacamos a fonte Formosiña e a Pena Corveira (excelente mirador)

Fauna: corzos, xabaríns, raposos, porcos teixos, xenetas, martas; corvos, pegas, merlos...

Vexetación: terras de cultivos e praderías. No arboredo, eucaliptos. Nas Fachas, bosque autóctono: carballos, salgueiros, bidueiras, loureiros, uces e fentos.



CASAS CON ESCUDO

En Seixo da Veiga fronte ás antigas escolas (na actualidade albergue de Peregrinos), atopamos dúas casas con escudos.



MUIÑOS

Atopamos cinco, na actualidade sen uso.

- Muiño da Pena (Val do Cainzo)
- Muiño do Rendo (Val do Cainzo)
- Muiño da Cabana (Val do Cainzo)
- O Muiño Novo (Val do Cainzo)
- Muiño de Miranda (Ibia)



CAPELA DE S. ANTÓN (VAL DO CAÍNZO)



Data: 1.880. Planta rectangular, cuberta a dúas augas e pavimento de laxes. Fachada cunha porta con lintel e tres sinxelos óculos. Dous pináculos nas esquinas da fachada. Espadana dun corpo, cun só van.

No interior: retablo coas imaxes de S. Antón, Inmaculada e S. Xosé; á entrada Sta. Filomena e S. Caetano.

AS FACHAS

Zona catalogada e delimitada como xacemento arqueolóxico por Patrimonio pola existencia de mámoas, na actualidade moi alteradas por traballos de deforestación. En 1.996, co gallo da delimitación do Camiño Norte, o informe di: Mámoa megalítico (Neolítico). Destruído. Documentábase a destrución de catro cistas (Idade do Bronce).



Fonte Ferosiña



Pena Corveira

PENA CORVEIRA (438 m.)

Excelente mirador. Podemos ver o Val de Cabarcos, Vilaronte, Remourelle e mar Cantábrico. Cúmios de esquerda a dereita: Serra da Toxiza (761m.), Serra do Xistral (O Cadramón 1056m.), Verín (483m.), Cornería (432m.), Pico da Lebre (283m.), Coira (206m.), Penabor (334m.), Penalonga (516m.), Comado (471m.) e Mondigo (569m.)

Ruta das Fachas San Xusto - Barreiros (Lugo)



Textos, fotografías e deseño

Emilio Piñeiroa Lozano

Maquetación

Manuel Pérez Pérez

Maio 2016

Información:

Oficina de Turismo

Tel. 982 134 400

www.concellodebarreiros.com

IGREXA PARROQUIAL:

Construída no século XVI e reformada posteriormente. En 1993 foi arraxada sendo párroco D. Santiago Riguera Díaz.

Planta de cruz latina, dunha nave, dúas capelas laterais e capela maior. Fachada principal con porta alintelada e espadana de dous corpos e tres vans. Destaca o retablo barroco de 1.753, a súa imaxinería como O Apóstolo Santiago Peregrino, S. Xusto e S. Pastor, patróns da parroquia; entoutros é de admirar o púlpito e dous confesionarios obra do artista local Santiago Candia (1.916), autor tamén dos retablos da Virxe das Dores e da Virxe do Carme.



CRUCEIRO:

En recordo da capela do Bo Suceso, destruída en 1.984; dita imaxe, coas de S. Sebastián e S. Roque peregrino atópanse na Igrexa Parroquial.

